



Catedral de Santiago de Compostela

A Catedral de Santiago de Compostela é a obra máis sobresaínte da arte románica en España. É, ademais, a meta final de todos os Camiños de Santiago, que desde hai séculos levan ós peregrinos da Cristiandade cara a tumba dun apóstolo. Por se fose pouco, foi a pedra inaugural de Santiago de Compostela, que naceu con vocación de Cidade Santa e Patrimonio da Humanidade.

Hoxe, cun milleiro de anos de existencia vividos ó ritmo da extraordinaria historia compostelá, a Catedral amósase coma un complexo de 10.000 metros cadrados, capaz de recompensar coa súa potente espiritualidade e beleza a todos os visitantes do mundo.

Gal

CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Breve historia

Segundo a tradición, un ermitaño chamado Paio descubriu o sepulcro do apóstolo Santiago no 814, oculto en los bosques de Libredón. O rei Afonso II ordenou a construción dunha pequena igrexa xunto ao templo romano atopado e, ao estenderse a nova por Europa, numerosos crentes comezaron a peregrinar para ver a reliquia. O rei Afonso III mandou construír un templo de maiores proporcións que foi consagrado no 899. Arredor creceu un asentamento que daría lugar á cidade actual.

No 997 Almanzor atacou o pequeno poboado, arrasou a igrexa e levou as campás e as portas da Catedral como botín. O bispo Pedro de Mezonzo, que lograra fuxir e poñer a salvo as reliquias, reconstruíu o templo.

A fama do sepulcro creceu de tal maneira que a nova igrexa volveu resultar insuficiente para os numerosos peregrinos. En 1075 iniciouse a construción da basílica que hoxe se conserva: en estilo románico, con planta de cruz latina e torres que se divisan de lonxe. Entre 1168 e 1188 o Mestre Mateo resolveu os problemas de desnivel do terreo e rematou a fachada oeste cunha obra mestra, o Pórtico da Gloria. En 1211 a Catedral foi finalmente consagrada.

Nos séculos posteriores seguíronse engadindo melloras á basílica, tales como o Panteón Real no 1238, o claustro gótico e as torres defensivas. En pleno Renacemento, o bispo Alonso III Fonseca ordenou a construción do actual claustro; reformáronse algunhas capelas e engadíronse retablos, esculturas e púlpitos.

Nos séculos XVII e XVIII, a Catedral, e con ela a cidade, transformouse nunha xoia barroca. Termináronse de configurar as catro prazas catedralicias e Domingo de Andrade levantou a Torre do Reloxo, deseñou a nova Porta Santa e colaborou no Altar Maior. Fernando de Casas concluíu a soberbia fachada oeste, dándolle á praza do Obradoiro o seu actual aspecto.

Desde finais do século XX, a Catedral viu fortalecerse o fenómeno das peregrinacións. O Ano Santo de 1993 trouxo a Compostela máis de 100 mil peregrinos a pé, en bicicleta ou a cabalo, cifra que se elevou a 180 mil no Ano Santo 2004. Na actualidade, a catedral de Santiago recibe máis de 300 mil peregrinos e uns 3 millóns de visitantes cada ano.



Vista xeral

- 1 **Fachada do Obradoiro.** Barroca. S. XVIII.
- 2 **Cripta ou Catedral Vella.** Románica. S. XII.
- 3 **Pazo de Xelmírez.** Románico-Gótico. S. XII e seguintes. A sede do Arcebispado encerra un magnífico palacio medieval visitable.
- 4 **Fachada do claustro da Catedral.** Renacentista. S. XVI-XVII.
- 5 **Claustro. Gótico-renacentista.** S. XVI-XVII. Só é visitable coa entrada do museo.
- 6 **Museo Catedralicio.** O percorrido polo claustro e as súas salas permite coñecer a historia da Catedral e da cidade a través de valiosísimas exposicións.
- 7 **Pórtico da Gloria.** Románico. S. XII. A obra cumio da escultura románica narra a Historia da Salvación con máis de 200 figuras maxistras do arquitecto Mateo. Imprescindible.
- 8 **Nave principal.** Románica. S. XII. Mide 94 m de lonxitude. Está cuberta con bóveda de canón, a 24 m de altura.
- 9 **Tribuna.** Románica. S. XII-XIII. Galería que percorre todo o alto do templo. Neste espazo había capelas privadas e pernoctaban moitos peregrinos medievais.



10 Altar Maior, Camarín e Relíquias. Barroco. S. XVII. O conxunto comprende o altar maior, o baldaquino que o cubre, o camarín do Apóstolo e a cripta inferior coas santas reliquias.

11 Fachada de Praterías. Románica. S. XII. A máis antiga das fachadas conservadas simboliza a Redención con escenas da vida de Xesús.

12 Torres do claustro. S. XVII. Torres piramidais ou con chanzos coñecidas como a Torre da Vela e do Tesouro.

13 Torre do Reloxo. S. XIV-XVII. Recibe o nome de 'Berenguela' polo arcebispo Berenguel de Landoira, que a levantou no s. XIV. Conserva a base medieval. O arquitecto Domingo de Andrade elevouna en 1680 ata os 73 metros. Alberga a maior campá da Catedral, que pesa 6.433 quilos.

14 Fachada Leste. Barroca. S. XVIII. Sobre a Praza da Quintana atópase a Porta Santa, que só se abre nos Anos Santos.

15 Cúpula do cruceiro. Barroco. S. XVII. No interior alcanza 32 m de alto.

16 Fachada da Acibechería. Neoclásica. S. XVIII. Á beira do Camiño de Santiago, foi asento de artesáns acibecheiros e mira de fronte ao mosteiro de San Martiño Pinario.

17 Cubertas. Os tellados da Catedral, con chanzos de granito a 30 m sobre a praza do Obradoiro, poden visitarse ascendendo desde o Pazo de Xelmírez.

Fachada do Obradoiro

Este portentoso telón de granito é o punto culminante da arte barroca galega. Nel interviñeron arquitectos como Peña de Toro ou Domingo de Andrade, pero o seu gran impulsor desde 1738 foi Fernando de Casas y Novoa, que morreu antes de velo rematado en 1750. Constitúe a cara máis retratada da Catedral e mira o corazón da cidade, a praza do Obradoiro. Praza e fachada reciben o seu nome dos obradoiros de cantería que traballaron durante case un século estas pedras.


- 1 **Escaleira de dobre tiro.** Renacentista, 1616. Obra de Ginés Martínez.
- 2 **Entrada da cripta.** S. XII-XIII. Románica. Dedicada a Santiago Alfeo, foi construída polo Mestre Mateo para sustentar o Pórtico da Gloria e salvar un gran desnivel de 12 metros entre a cabeceira e os pes da Catedral.
- 3 **Lonxa de acceso ao interior.**
- 4 **Figuras representadas na balconada:** Santa Susana, copatrona da cidade, e San Xoán Evanxelista; Santa Bárbara e Santiago Alfeo (O Menor).
- 5 **Fachada-espello.** Barroca. S. XVII-XVIII. Levantada ante o Pórtico da Gloria, forma un tríptico ou retablo dedicado ao Apóstolo. Dúas filas de columnas xigantes flanquean o 'espello', a maior vidreira de antes da Revolución Industrial, que respecta os ocos do anterior rosetón. O conxunto caracterízase polo contraste de volumes e a riqueza decorativa, que inclúe placas xeométricas, elementos curvos, volutas, cilindros, escudos e cunchas.
- 6 **Zebedeo e María Salomé,** pais dos apóstolos Santiago e Xoán.
- 7 **Atanasio e Teodoro,** discípulos de Santiago e portadores das súas reliquias ata Galicia.
- 8 **Urna de Santiago,** coroada pola estrela que guiou ao ermitán Paio ata o sepulcro.
- 9 **Santiago Peregrino.** Barroco. Colocado en 1750 como remate da gran fachada, viste sombreiro, pelerina e bastón. Aos seus pes, reis españois.
- 10 **Cruces de Santiago,** á vez cruz e espada florida.
- 11 **Corpo orixinal das torres.** Pertenceron á fachada románica orixinal e eran torres de desigual altura.
- 12 **Torre das Campás.** Barroca. S. XVII-XVIII. Os 74 metros de altura das torres alcanzáronse en 1747, cando o arquitecto Casas y Novoa, continuando a remodelación iniciada en 1670 por Peña de Toro, engadiu os elegantes remates barrocos de corpos ascendentes, decorados con balaustradas, pináculos e bolas.
- 13 **Torre da Carraca,** construída por Domingo de Andrade como xemelga da outra torre. O seu nome ven do instrumento de madeira que alberga, utilizado para chamar a misa durante Semana Santa.




Percorrido interior

- 1 **Capela do Salvador ou Capela do Rei de Francia.** Románica. Punto de arranque da construción da catedral en 1075. Retablo de Juan de Álava en granito: S. XVI.
- 2 **Capela de Santa María a Branca ou dos España.** S. XIII. Gótica. Reformas barrocas.
- 3 **Capela de San Xoán Evanxelista ou de Santa Susana.** Románica, modificada nos S. XVI-XVII.
- 4 **Capela de Santa Fe ou de San Bartolomé.** Románica con motivos platerescos.
- 5 **Capela da Concepción ou de Prima.** S. XVI. Lugar de enterramento de Domingo de Andrade. Retablo de Simón Rodríguez.
- 6 **Capela da Corticela.** Igrexa prerrománica. S. IX. Reformada polo mestre Mateo no S. XIII. Unida á Catedral no XVI, conserva o seu carácter de parroquia independente 'de peregrinos, estranxeiros e vascos'.
- 7 **Capela do Espírito Santo.** Gótico. S. XIII. Panteón da familia Moscoso.
- 8 **Lápida de Teodomiro,** bispo de Iria no intre do descubrimento da tumba do Apóstolo. (S. IX)
- 9 **Capela da Comunión.** Neoclásico: Miguel Ferro Caaveiro, S. XVIII. Expón o Santísimo Sacramento.

- 10 **Capela do Cristo de Burgos.** Barroco: Melchor de Velasco, S. XVII.
- 11 **Pórtico da Gloria.** Románico de transición: Mestre Mateo, S. XII-XIII.
- 12 **Panteón Real.** Sepulturas: Fernando II, Afonso IX, Don Raimundo de Borgoña, Dona Berenguela, Xoana de Castro.
- 13 **Entrada do Museo Catedralicio.** Fundado en 1930, recolle a extraordinaria historia do santuario do Apóstolo. Un único ticket de entrada dá acceso ó interior do claustro e ás súas salas, a Capela das Reliquias, o Panteón Real e ó Tesouro. Nas plantas superiores poden contemplarse a Biblioteca, na que se expón o Botafumeiro; a Sala Capitular e a gran colección de tapices con cartóns de Goya e Rubens na balconada.
- 14 **Órganos** de Miguel de Romay e Antonio Alfonsín. S. XVIII. En pleno funcionamento.
- 15 **Claustro gótico-renacentista:** Juan de Álava e Rodrigo Gil de Hontañón, S. XVI. Bóveda estrelada e crestería plateresca. Alberga as coleccións do museo.
- 16 **Pila bautismal prerrománica.** Segundo a tradición, o cabalo de Almanzor bebeu dela (con fatais resultados) durante o ataque á basílica no 997.
- 17 **Altar Maior.** Conxunto barroco. Baldaquino rococó: Vega y Verdugo e Domingo de Andrade, S. XVII. Pratal: s. XVII. Estatua de Santiago que abrazan os peregrinos: S. XIII. Baixo o altar, cripta de orixe romano (S. I) e sepulcro do Apóstolo e os seus dous discípulos: arca de prata do S. XIX.
- 18 **Capela da Virxe do Pilar ou de Monroy.** S. XVIII. Retablo de Miguel de Romay. Sepulcro do arcebispo Monroy. Fermosa ornamentación xacobeá.
- 19 **Capela de Mondragón ou da Piedade ou da Santa Cruz.** Retablo: S. XVI.



- 20 **Capela da Azucena, ou de San Pedro ou de dona Mencía de Andrade ou do Maxistral.** Románico. Retablo: Fernando de Casas, S. XVIII.
- 21 **Porta Santa.** S. XVI. Ábrese só nos Anos Santos. Porta de bronce de Suso León (2004).



Pórtico da Gloria

1168 - 1188. Mestre Mateo

O Pórtico da Gloria é a obra cumio da escultura románica, con máis de 200 figuras de brillante execución. Este prodixio da iconografía medieval compón unha mensaxe teolóxica que os crentes da Idade Media descifraban doadamente, pero sobre a que hoxe só podemos teorizar. Os investigadores sosteñen que representa a historia da Salvación do Home e a Resurrección de Cristo tralo Apocalipse. O arco central amosaría a Gloria, presidida por Xesús Resucitado; a arcada esquerda, o pobo de Israel, e a arcada dereita o Xuízo Final. O certo é que a metade esquerda está dedicada ao Antigo Testamento e a dereita ao Novo Testamento, con Santiago no centro para dar paso aos peregrinos á Casa de Deus.

Antes de ser tapado polo telón barroco do Obradoiro, o Pórtico asomaba pola cara oeste da Catedral e completaba o programa iconográfico das outras dúas fachadas, a porta da Acibechería (norte) e a das Praterías (sur), que representaban respectivamente a Caída no Pecado e a Redención.

Principais imaxes:

- 1 Baseamento** con figuras humanas e animais. Poderían representar as forzas do mal ou as antigas idolatrías vencidas pola Igrexa.
- 2 Pobo Xudeu**, Limbo dos Xustos ou Antigo Testamento. Aparecen Xesús, Adán e Eva, Noé, Abraham, Moisés, David e Salomón, ademais de reis e patriarcas do Antigo Testamento.
- 3 Anxos** conducen aos Xustos, representados por nenos, desde o Limbo ata a Gloria.
- 4 Arco central**. Os 24 anciáns do Apocalipse afinando os seus instrumentos.
- 5 O Evanxelista** San Xoán co seu símbolo, a aguia.
- 6 Pantocrátor**: Xesús Resucitado, rodeado polos Catro Evanxelistas.
- 7 San Mateo** co anxo e un ábaco.
- 8 Os Xustos**.
- 9 Anxos** cos atributos da Paixón de Cristo: columna, cruz, coroa de espiñas, cravos e lanza, sentenza e xera de auga de Pilatos, látigo e cartela de INRI.
- 10 O evanxelista San Lucas** co seu símbolo, o touro alado.
- 11 O evanxelista San Marcos** co seu símbolo, o león.



(18)

- 12 **Profetas do Antigo Testamento.** De esquerda a dereita, Xeremías, Daniel, Isaías e Moisés. É famoso o sorriso de Daniel, único no Medievo.
- 13 **Apóstolos do Novo Testamento.** De esquerda a dereita, Pedro, Paulo, Santiago e Xoán, tamén sorrindo.
- 14 **Santiago sedente**, con bastón de peregrino.
- 15 Capitel da natureza divina de Xesús: **a Trindade.**
- 16 Columna representando a xenealogía de Xesús no chamado **Árbol de Xesé**. O mármore amosa a pegada de milleiros de peregrinos.
- 17 Heroe mítico, comunmente identificado con **Hércules** dominando a dous leóns.
- 18 Posible representación do **Xuízo Final**. Na arquivolta superior, Xesús, e na inferior, o arcanxo San Miguel. Á dereita, os pecadores apresados por demos (con alegorías dos pecados), e a esquerda os Xustos, protexidos por anxos.
- 19 **Os Xustos** transportados ao Paraíso por anxos.
- 20 Detrás do parteluz, o **mestre Mateo**, autor do Pórtico, axeonllado ante o altar.

O Botafumeiro

O Botafumeiro é o enorme incensario usado desde a Idade Media como instrumento de purificación dunha catedral na que se apiñaban as multitudes. Hoxe segue abraiaando a todos cando, trala Comuñón, comeza o seu asombroso percorrido pendular fronte ó altar maior, elevándose ata case rozar a bóveda.

Para poñelo en movemento precísanse oito homes, chamados ‘tiraboleiros’, que o traen da Biblioteca. Baleiro pesa uns 60 kilos. Tras atalo á maroma, bombéano tirando con forza e precisión para que alcance, en só minuto e medio e 17 ciclos de vaivén, unha velocidade de 68 quilómetros por hora. Así chega a formar un ángulo de 82 grados sobre a vertical, describindo un arco de 65 metros de amplitude ao longo do transepto.

Breve historia

O Botafumeiro aparece xa no *Códice Calixtino* mencionado como *Turibulum Magnum*. No S. XII era pendurado dunhas vigas de madeira cruzadas no cimborrio. O mecanismo actual, baseado no movemento por poleas, foi deseñado durante o Renacemento polo mestre Celma.

No s. XV o rei Lois XI de Francia costeou un incensario de prata que en 1809 foi subtraído polas tropas napoleónicas acampadas no claustro da Catedral. Na actualidade existen dous Botafumeiros: o que se usa é de 1851, está feito de latón bañado en prata e mide 160 centímetros de altura. O segundo é unha réplica en prata, obsequio dos Alféreces Provisionais á Catedral en 1971.



Visitar a Catedral

Aberta: todos os días do ano.

Entrada: gratuíta

Consultar horarios: www.catedraldesantiago.es

Obter o Xubileo

De acordo coa gracia do Xubileo outorgada á Catedral no 1122 polo Papa Calisto II, os fieis que visiten o templo durante o Ano Santo poden obter a absolución plenaria. Son Anos Santos Composteláns aqueles nos que o día 25 de xullo –Día de Santiago– cae en domingo. Isto acontece cada 6, 5, 6 e 11 anos.

Ver o Botafumeiro

O botafumeiro sigue un calendario fixo de celebracións litúrxicas. Fóra destas datas, debe ser solicitado ao Coengo Delegado de Peregrinacións e facer unha ofrenda á Catedral.

Consultar calendario: www.catedraldesantiago.es

Museo Catedralicio

Cubertas da Catedral

Excavacións Arqueolóxicas

Pórtico da Gloria

Visitas, horarios e prezos:

www.catedraldesantiago.es

Sacristía da Catedral de Santiago

Tel: (+34) 981 583 548

Arquivo-Biblioteca

Tel: (+34) 981 575 609

Fundación Catedral de Santiago

Rúa do Vilar, 1

15705 Santiago de Compostela

Tel: (+34) 981 569 327

www.catedraldesantiago.es

Oficina de Acolllida ao Peregrino

Rúa Carretas, 33

15705 Santiago de Compostela

Tel: (+ 34) 981 568 846

www.oficinadelperegrino.com

Máis información en

www.santiagoturismo.com

